

INSPECCIÓN PROVINCIAL DE TRABAJO E SEGURIDADE SOCIAL - LUGO

Carmen AIRA DIAZ, con documento de identidade nº 33308221N na súa condición de Delegadas/os de Persoal da CIG e membro/s do Comité/ Xunta de Persoal da ÁREA SANITARIA LUGO, A MARIÑA, MONFORTE do SERGAS, con enderezo a efectos de notificación en Local Sección Sindical – CIG Saúde, HULA, Rúa Dr. Ulises Romero 1, 27003 LUGO, como máis procedente sexa e por medio do presente comparezo ante a Inspección de Traballo e Seguridade Social de Lugo, a fin de

MANIFESTAR

Que presento DENUNCIA contra a empresa ESTRUCTURA XESTIÓN INTEGRADA LUGO, A MARIÑA, MONFORTE do SERGAS con enderezo do centro de traballo en Dr Ulises Romero s/n, 27003 Lugo, en base aos seguintes

FEITOS

- 1 - Dende o inicio da emerxencia sanitaria con motivo da pandemia de Coronavirus COVID 19 incluso, xa unha vez confirmado o primeiro caso na área sanitaria, a xestión da situación de emerxencia e a posta en marcha das medidas preventivas, en todo o relativo a medidas de organización, criterios para a dotación e uso de EPI's ou a propia organización asistencial, foi e, continúa a ser, lenta e insuficiente.
- 2 - Nun momento no que a maior parte dos sectores e actividades están indo máis aló da *Procedemento de Actuación para os Servizos de Prevención de 5 de marzo*, en base á maior información que hoxe se ten sobre as características do propio virus, capacidade de contaxio e propagación; dáse a estremecedora paradoxa de que as traballadoras e traballadores da Sanidade, xa inicialmente e en boa lóxica, cualificados como de "exposición de risco" (expostos a maior risco), contan na realidade cun nivel de protección inferior a outros colectivos.

- 3 - En calquera caso, un procedemento de actuación en base a criterios obsoletos, xa que neste momento sabemos que un dos maiores riscos é precisamente a capacidade de contaxio das persoas asintomáticas ou con síntomas leves.
- 4 - Así, por exemplo, vén de asumirse a necesidade da toma de medidas urxentes nas residencias de maiores; entendendo que é o propio persoal o que pode converterse no vehículo transmisor da enfermidade ás persoas usuarias residentes e indícase a dotación de equipos de protección para o persoal que presta coidados; porén, o persoal da sanidade non dispón deses medios de protección e se dispón, non se lle permite facer uso dos mesmos.
- 5 - Así, o 20 de marzo, envíase un correo electrónico ao persoal sanitario non facultativo, no que se indica que manteñan unha distancia mínima nas salas e no relevo pero, *que se “realizasen encamadxas” sen medios de protección!!*
- En situación similar, está a día de hoxe o colectivo de celadoras/es.
- 6 - Do mesmo xeito, está a darse a circunstancia de que o persoal do transporte sanitario conta, na maioría dos casos, con maiores medios de protección que o persoal do propio hospital.
- 7 - Entendemos que neste momento deberían estar elaborados protocolos de protección, non só da saúde do propio persoal, senón para a dos propios pacientes e as súas familias, das persoas ingresadas (non só con motivo do Coronavirus), xa que son persoas enfermas ou mancadadas, con maior propabilidade de contaxio.
- Non se dispón destes para ningún dos supostos cotiáns: realización de técnicas a doentes que non teñen illamento respiratorio, aseo do paciente encamado, aseo oral, realización de analíticas ou toma de vías ...
- 8 - En contra do criterio indicado para o resto da poboación, e facendo bo aquel dito de “na caso do ferreiro...”, ao persoal que estivo en contacto con casos de coronavirus confirmados, estáselle a dicir que igualmente ten que vir traballar, aínda que a unidade se atope sen actividade programada e a técnica efectuada fora extremadamente cruenta e sen os medios de protección adecuados.

- 9 - Non podemos esquecer a ausencia de medidas preventivas e de protección para o resto do persoal, imprescindible para manter a prestación do servizo sanitario e a atención ás persoas enfermas, como o persoal de limpeza, administrativo ou de cociña; sen dúbida esenciais.
- 10 - Todo o persoal que se atopa sen actividade laboral está vindo tódolos días ao Hula por orde do seus mandos superiores, de modo que colectivos como fisioterapeutas teñen orde de vir cando o servizo de Rehabilitación se atopa pechado.
- 11 - Logo da información facilitada no día de onte, 22 de marzo, polo presidente da Xunta en relación á dispoñibilidade de mascarillas para un período de 15 días, aínda se comprende menos as limitacións, por non dicir prohibicións, no uso das mesmas incluso, para o persoal que presta atención directa a persoas enfermas.
- 12 - Descoñécese a dotación de material para os casos confirmados ou sospeitosos: luvas de nitrilo, mascarillas FFP2 E FFP3, batas desbotables impermeables de manga longa e gafas de protección pero, dende logo, urxe garantir a dotación suficiente destes equipos.
- 13 - Aínda ten menos xustificación, en base aos datos facilitados tamén onte polo director do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, segundo o que o 12% dos casos de contaxios confirmados son traballadoras/es da Sanidade.
- 14 - O cal é lóxico, segundo se está xestionando esta crise sanitaria, no que ao ámbito da saúde pública se refire, xa que non está a procurarse a prevención do risco de contaxio; senón que, máis ben parecece que se están a “reservar” os medios de protección para cando se alcance o “pico” da pandemia; obviando o criterio preventivo máis básico en materia de saúde laboral ou pública e resultando, esta xestión o mellor garante para a propagación da enfermidade.
- 15 - Ante a ausencia da adopción de medidas preventivas específicas, o cadro de persoal está sufrindo unha exposición innecesaria e inxustificable ao propio risco biolóxico pero tamén, unha situación de estrés emocional grave, ao vérense

expostos a un risco grave e inminente ante o que se senten totalmente desprotexidos no ámbito laboral.

16 - Así pois, a día de hoxe, nos hospitais públicos:

O protocolo existente amósase obsoleto e non valora o risco biolóxico e psicosocial ao que está sometido o cadro de persoal.

Estase a poñer en risco a saúde dos pacientes polo número de casos asintomáticos no que o persoal pode ser un vector de transmisión.

É contrario ao resto de protocolos dos profesionais que se ven nos medios (Policía, GC ou exército...)

É contrario ao das empresas privadas, e centros sociosanitarios, no que (cando menos) o uso de mascarillas se está xeneralizando.

A ralentización na toma de decisións da Consellería e das Direccións de Área é a mellor garantía para a expansión do virus é de que as traballadoras/ es da Sanidade enfermen, o que provocaría o colapso do “sistema de saúde”.

FUNDAMENTOS

Segundo os feitos expostos estanse a producir incumprimentos moi graves á normativa de Prevención de Riscos Laborais, en concreto e entre outros a:

1. Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais.
2. Real Decreto 664/1997, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.
3. Real Decreto 773/1997, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual.

Por todo o anterior,

SOLICITO

Da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Lugo, que teña a ben admitir a trámite esta denuncia e comprobe as devanditas incidencias e en consecuencia,

- Proceda a realizar os requirimentos por incumprimento da normativa e á adopción das medidas legais oportunas.
- Nomeadamente, se requira por esa Inspección a adopción inmediata das oportunas medidas de prevención e protección que a situación require.

Manifestando a plena disposición para calquera aclaración ou ampliación do relatado 659061819 , solicito ser informada da resolución que se emita.

Atentamente,

A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'C. Aira Díaz', with a long horizontal stroke extending to the left.

Asdo. Carmen Aira Díaz

Lugo, 23 de marzo de 2020